

**XVIII CONVOCATORIA DE
PROXECTOS DE COÑECEMENTO DA REALIDADE (PCR)
EN PROGRAMAS DE COOPERACIÓN
PARA O DESENVOLVEMENTO
2025**

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
Universidade da Coruña

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	1/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1. INTRODUCCIÓN

Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa da Oficina de Cooperación e Voluntariado en que as e os estudantes da Universidade da Coruña (UDC) teñen a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para realizar unha estadia de cooperación. O traballo de investigación e/ou de acción-participación que desenvolva durante a estadia estará vinculado a un proxecto de cooperación no país, levado a cabo por unha ONGD, universidade ou calquera outro axente de cooperación. Ademais, o devandito traballo debería ser validado do punto de vista curricular como traballo dunha materia na que o alumnado estea matriculado, traballo de fin de grao, traballo de fin de mestrado, prácticas externas, xa sexan curriculares ou non curriculares, ou tese de doutoramento.

Levar a cabo un PCR constitúe unha importante ferramenta de sensibilización sobre a realidade do país e a temática do traballo, tanto para o propio estudantado beneficiario, como para a sociedade en xeral, xa que logo de regresar das estadias se realizan charlas para dar a coñecer as experiencias.

Así as cousas, a Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) dirixe a convocatoria ao estudantado da UDC que estea interesado en participar en accións de coñecemento da realidade. Con este programa procúrase abrir un proceso de reflexión cunha vertente práctica, para implicar as persoas participantes nas liñas de traballo en cooperación para o desenvolvemento en diferentes países do sur global e no traballo que se efectúa desde Galicia, fundamentalmente de sensibilización.

2. OXECTIVO DA CONVOCATORIA

O obxectivo desta convocatoria é seleccionar estudantes de estudos propios da UDC, de títulos de grao, mestrado e doutoramento, para participar nun proxecto de coñecemento da realidade e levar a cabo un traballo de investigación e/ou de acción-participación. Deben contar co apoio dunha ONGD, universidade, institución ou calquera outro axente da cooperación que estea a realizar unha iniciativa de cooperación nun país en desenvolvemento e que teña unha entidade social local.

Os eidos de actuación dos PCR poderán ter un carácter especificamente técnico (p. ex., proxectos de abastecemento de auga, construción e rehabilitación etc.) ou doutro tipo (educación, mellora comunitaria, capacitación de persoal técnico local, apoderamento das mulleres etc.).

En calquera caso, cumprirá que as e os estudantes teñan o apoio do profesorado da UDC para validar do punto de vista curricular o traballo feito na estadia (traballo de fin de grao, traballo de fin de mestrado, traballo obrigatorio dunha materia, prácticas externas ou tese de doutoramento). En caso de tratarse de prácticas externas, ben curriculares ou ben non curriculares, son de aplicación a Normativa de prácticas externas da UDC e a lexislación vixente.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculadas e ao corrente do pago da matrícula en calquera das titulacións oficiais que se imparten nos centros propios da UDC no curso 2024/25.

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	2/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Esta condición deberá satisfacerse tanto no intre de presentar a solicitude como cando se execute o programa de traballo na institución de acollida. Será responsabilidade de quen presente unha candidatura informar de calquera cambio antes do inicio da mobilidade.

b) Solicitar o PCR nas canles habilitadas para o efecto e cos modelos preparados para tal fin, que figuran como anexos deste documento. É de relevancia que a candidatura inclúa una carta de presentación asinada pola ONGD ou a universidade de destino. Será responsabilidade das persoas solicitantes acordar co centro de destino as datas da visita e as actividades que levarán a cabo.

c) A maiores, satisfarán estas condicións:

- A persoa solicitante debe realizar un traballo acorde co seu currículo académico na iniciativa de cooperación para o desenvolvemento.
 - A iniciativa en que a persoa solicitante participe debe realizarse nos países en desenvolvemento enmarcados dentro do Plan director da cooperación galega 2023-2026 ou no Plan director da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a cooperación global 2024-2027)
 - Excepcionalmente, poderanse presentar proxectos na fronteira sur de Europa, que afronten a temática das persoas inmigrantes e refuxiadas e revistan especial interese para a OCV.
 - A iniciativa en que participe a persoa solicitante terá unha repercusión práctica, avaliable e doada de cuantificar en termos do desenvolvemento daquelas persoas que sexan as súas destinatarias.
 - A iniciativa en que participe a persoa solicitante terá como obxectivo satisfacer directa ou indirectamente necesidades sociais básicas das poboacións desfavorecidas de países en desenvolvemento ou na fronteira sur de Europa.
 - A persoa solicitante e a responsable da entidade socia local, ademais do proxecto, non terán ánimo de lucro.
 - A iniciativa en que participe a persoa solicitante contará cunha entidade socia no lugar da súa execución. A dita socia poderá ser unha persoa tanto física como xurídica e deberá representar lexitimamente os intereses das persoas beneficiarias.
- Valorarase en especial a participación como socias ou colaboradoras de universidades e outras institucións de investigación ou de ensino superior, aínda que tamén poderán ser ONG, fundacións ou outras organizacións, sempre que carezan de ánimo de lucro e teñan unha recoñecida traxectoria.
- A persoa solicitante obterá, pola súa conta, o visado necesario para acceder ao país de destino e permanecer durante o período de goce da axuda. Así mesmo, respectará a lexislación correspondente en materia de visados.

4. PERFIL DAS ENTIDADES DE DESTINO

A entidade de destino responderá a algún dos seguintes perfís:

- a) ONGD ou fundación española con sede no país de destino, onde desenvolve proxectos de cooperación para o desenvolvemento.
- b) Organización sen ánimo de lucro do país de destino con fins relacionados co eido da cooperación para o desenvolvemento no marco dos obxectivos de desenvolvemento sostible (desenvolvemento comunitario, loita contra a pobreza, exclusión social, acceso á saúde e a educación universal etc.).

Código Seguro De Verificación	NedPgF1lrIgFY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	3/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgF1lrIgFY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



c) Organización local socia ou colaboradora dunha universidade pública do sur con proxectos sociais. Quedan excluídas as que teñan ánimo de lucro e outras institucións sen fins sociais. Nas universidades do sur non se aceptarán proxectos académicos e de investigación.

5. DURACIÓN DAS ESTADÍAS

Os PCR para os cales se ofrecen axudas terán unha duración mínima de trinta días e máxima de noventa. O comezo dos proxectos debe ter lugar entre o día seguinte ao de se publicar a resolución definitiva desta convocatoria e o 2 de novembro de 2025.

6. CONDICIÓNS ECONÓMICAS E IMPORTE DAS AXUDAS

A contía total desta XVIII convocatoria de PCR é de 7000 €, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 0901 321A 48001, denominada «Axudas para a cooperación e desenvolvemento (OCV)». Esta cantidade inicial poderá verse incrementada en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Segundo a calidade dos PCR que se presenten, as axudas poderán concederse a unha, varias ou ningunha das candidaturas. Velaquí os conceptos que se poderán custear:

- A viaxe á cidade ou ao país de destino e o regreso a España, até un máximo de 1700 €.
- O seguro da viaxe (accidentes, enfermidade e responsabilidade civil).

Como mínimo incluírá estas coberturas: transporte ou repatriación sanitaria, transporte ou repatriación da persoa asegurada falecida, desprazamento de familiar acompañante no caso de enfermidade, estadía de familiar acompañante, interrupción da viaxe por defunción de familiar, desprazamento de familiar acompañante por falecemento e responsabilidade civil, enfermidade e responsabilidade civil (cunha cobertura mínima para enfermidade de 30 000 €).

A persoa beneficiaria da axuda será responsable de deixar na OCV un documento que acredite a contratación do seguro e que este cumpre os requisitos mencionados.

- Gastos derivados da manutención no país de destino.

O aloxamento, a parte da manutención que non cubra a axuda e os desprazamentos internos ás diferentes comunidades onde se estea a desenvolver o proxecto correrán a cargo da ONGD ou universidade que ampare a ou o estudante, da entidade que sexa a súa socia local ou do propio estudantado.

O importe da axuda non poderá ser en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, outros ingresos ou outros recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

7. PAGAMENTO E DEVOLUCIÓN DAS AXUDAS

- Achegarse o 80 % da cantidade asignada cando se resolva a convocatoria. De ser o caso, aplicaranse as retencións correspondentes.

- Finalizada a viaxe, solicitarase a memoria final do proxecto. Ao se entregar, pagarase o 20 % restante do importe da axuda, ao cal se lle aplicarán, de ser o caso, as retencións correspondentes. Antes de se iniciar a tramitación deste pagamento, a persoa beneficiaria deberá entregar a factura xustificativa da axencia de viaxes correspondente.

O incumprimento total ou parcial do que establece esta convocatoria dará lugar, logo do oportuno expediente de incumprimento, á cancelación da axuda e ao reintegro das contías

Código Seguro De Verificación	NedPgF1lrIgfY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	4/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgF1lrIgfY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



percibidas. Igualmente, no suposto recollido no punto 3 do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de mora que correspondan.

O incumprimento da obriga de xustificar a subvención nos termos establecidos ou a súa xustificación insuficiente levará aparelado o seu reintegro nas condicións previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

As circunstancias de forza maior (enfermidade, baixa, falecemento dun membro da familia de primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou afinidade, alteracións da orde no país de destino etc.) non se considerarán unha causa que xustifique non reintegrar o importe total da axuda concedida se non se efectúa a estadia. Nestes supostos, dentro dos prazos xerais e de acordo coas normas incluídas na convocatoria, poderase pospoñer a estadia, de acordo coa institución de destino e sempre que se notifique o cambio á OCV.

8. CRITERIOS DE SELECCIÓN E EXCLUSIÓN. RENUNCIA

a) Criterios de selección

As propostas de resolución e a conseguinte resolución estarán suxeitas aos seguintes criterios de selección, que terán que estar debidamente documentados (entregarase a fotocopia do certificado correspondente):

- Expediente académico (as notas medias dos estudos técnicos multiplicaranse polo coeficiente 1,17). Máximo 3 puntos.
- Formación complementaria en cooperación para o desenvolvemento e voluntariado social. Máximo 4 puntos.
 - Cursos presenciais de até 10 horas: 0,02 puntos por hora.
 - Cursos presenciais de entre 11-20 horas: 0,05 puntos por hora.
 - Cursos presenciais de 21 horas ou máis: 0,1 puntos por hora.
 - Cursos en liña: 0,01 puntos por hora. Máximo 0,4 puntos por curso.
- Experiencia en voluntariado na OCV: 0,2 por mes realizado ou 0,02 por hora de voluntariado. Máximo 3 puntos.
- Experiencia en voluntariado europeo, campos de traballo, actividades de voluntariado ou actividades de cooperación en ONGD: 0,1 por mes realizado ou 0,01 por hora. Máximo 3 puntos.
- Entrevista persoal presencial. Máximo 5 puntos.
- Recoñecemento curricular da estadia na carta da ou do docente. Máximo 3 puntos.
- Pertinencia do proxecto de acordo coa súa valoración académica. Máximo 4 puntos.
- Daráselles prioridade a aquelas candidaturas adheridas a proxectos de cooperación internacional para o desenvolvemento en que participe directamente a UDC e que contén con financiamento público. Máximo 5 puntos.

b) Criterios de exclusión ou renuncia

- Só se admitirá unha candidatura por persoa.
- As persoas beneficiarias desta convocatoria nos dous anos anteriores non poderán solicitala en 2025.

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgfY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	5/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgfY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Serán excluídas as candidaturas que non teñan ningún recoñecemento curricular por parte do profesorado da UDC.

As renuncias deberán ser comunicadas por escrito á OCV, co enderezo de correo electrónico ocv@udc.gal. As vacantes poderán ser cubertas coas candidaturas incluídas na listaxe de agarda que resulte do proceso de selección. No caso de que as axudas non poidan concederse pola falta de quen as reciba, a OCV resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria.

De igual xeito, a OCV resérvase o dereito de suspender a convocatoria ou anular algunha das axudas concedidas se se producen situacións ou fenómenos imprevisibles como desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións de tipo moratorio das autoridades locais ou continxencias análogas que afecten directamente á execución da actividade subvencionada.

9. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A comisión encargada de seleccionar os PCR beneficiarios formarana:

- Ana Isabel Ares Pernas, a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social ou a persoa en quen delegue;
- Acacia Naves García-Rendueles, PDI experta en cooperación ao desenvolvemento ou a persoa en quen delegue;
- Lorena Rilo Pérez, técnica da OCV ou a persoa en quen delegue.

10. PROCEDIMENTO E PRAZO DE SOLICITUDE E RESOLUCIÓN

- Procedemento e prazo de solicitude

O impreso para presentar unha solicitude figura como anexo I deste documento e tamén está dispoñible na páxina web da OCV: www.udc.gal/ocv

A solicitude presentarase no Rexistro Electrónico da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register; no Rexistro Xeral da UDC (rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña) ou nos seus rexistros auxiliares da Coruña ou Ferrol (rúa Doutor Vázquez Cabrera s/n, campus de Esteiro, 15403 Ferrol).

Así mesmo, a solicitude poderá presentarse a través dos medios que se sinalan no artigo 16.4 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que a substitúa. No caso de que a persoa solicitante non utilice os rexistros da UDC, deberá informar a OCV disto por medio do correo electrónico ocv@udc.gal.

A data límite para presentar unha solicitude será o 2 de abril de 2025.

O uso de formularios distintos aos que figuran como anexos desta convocatoria conducirá á exclusión da solicitude.

- Documentación que debe achegarse co impreso de solicitude
 - Orzamento da viaxe á cidade ou ao país de destino, o máis aproximado posible.
 - Orzamento do seguro da viaxe.
 - Fotocopia dos certificados correspondentes aos méritos que figuren no currículo.
 - Resumo das actuacións que se van levar a cabo no PCR, en que se recollan os obxectivos, as actividades e o cronograma detallado (anexo II).
 - Carta dunha ou dun docente da UDC en que se reflecta o interese do PCR para a formación da ou do estudante. Nela constará o recoñecemento curricular que poida

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgfY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	6/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgfY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



supoñer a realización do dito PCR (validación de prácticas de materias, proxectos fin de carreira, traballos de materias, a tese etc.).

- Carta de presentación asinada pola ONGD ou universidade en que se expresará claramente o interese en que a persoa candidata realice o PCR, amais do compromiso que se adquire de facerse cargo do aloxamento, a manutención e os desprazamentos internos, de ser necesarios, desta persoa (anexo III).

c) Procedemento e prazo de resolución

No prazo máximo de vinte días desde aquel en que remate a presentación de solicitudes, a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social publicará a resolución desta convocatoria. Nela indicárase a identidade das persoas beneficiarias e das incluídas na listaxe de agarda.

De conformidade co artigo 17 da Lei de transparencia e bo goberno, a OCV publicará na Sede Electrónica da UDC e na súa web (<http://www.udc.gal/ocv>) a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Xa que logo, presentar unha solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos persoais de candidatas e candidatos e a referida publicidade.

Contra a resolución desta convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao de se publicar na páxina web da UDC.

11. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

Logo de recibiren o correo electrónico en que se lles notifique que a UDC lles concedeu unha axuda para o seu PCR, as persoas candidatas deberán formalizar por escrito a súa aceptación ou renuncia nun prazo de cinco días naturais. Isto farano a través do formulario preparado para tal fin pola OCV, que se lles enviará coa comunicación da concesión por correo electrónico.

12. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As e os estudantes a que se lles outorgue unha axuda deberán realizar o curso presencial de formación específica en proxectos de coñecemento da realidade organizado pola OCV.

Así mesmo, cumprirá que respecten as normas sanitarias dos países de saída e entrada en que fagan escala.

Doutro lado, o estudantado beneficiario deberá difundir activamente o traballo que realice durante a súa estadía coa ferramenta electrónica que a OCV lle facilitará. Comprometerase a utilizar a dita ferramenta unicamente para editar os contidos referidos ao seu traballo coa ONG e/ou entidade socia local.

Nun prazo máximo dos dez días naturais seguintes ao remate da estadía, as persoas beneficiarias destas axudas presentarán na OCV os seguintes documentos:

- Xustificación orixinal do desprazamento, preferentemente: factura do billete de avión e tarxetas de embarque, billete de tren, recibos de autoestrada etc.
- Xustificación orixinal da contratación do seguro de accidentes e enfermidade.

Deseguido, dentro dos vinte días naturais seguintes ao remate da estadía, deberán entregar a seguinte documentación:

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgfY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	7/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgfY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



a) Un pequeno informe final sobre as actividades realizadas, segundo o modelo que se lle facilitará pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.

b) Documentación visual da súa estadía (fotografías ou vídeos en formato .jpg) e da súa participación no PCR.

En todo o material que se xere das actividades que se desenvolvan no marco desta convocatoria deberá constar que se levaron a cabo coa axuda facilitada pola Oficina de Cooperación e Voluntariado da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da UDC, usando o logotipo correspondente.

A Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC resérvase a posibilidade de editar materiais escritos ou dixitais co contido audiovisual entregado polas persoas bolseiras unha vez finalizada a súa estadía. As persoas beneficiarias da axuda comprométese a ceder a propiedade de todo o material entregado á OCV como xustificación da estadía, que poderá facer uso deste para difundir a axuda en calquera formato, indicando sempre a autoría.

c) A enquisa de satisfacción que se lles fará chegar.

Así mesmo, despois de regresaren, as persoas beneficiarias destas axudas participarán nunha actividade de sensibilización que determinará a OCV, en que relatarán a súa experiencia no terreo.

13. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxos datos de contacto son estes: rúa da Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é conceder as axudas para a realización de proxectos de coñecemento da realidade que se convocan neste documento. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada expresamente consente a publicación dos seus datos na resolución da convocatoria, no taboleiro de anuncios da OCV e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/ocv; <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.ª da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada trinta naturais e será responsabilidade da UDC retirala logo de vencer o prazo.

Os datos mencionados tratanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria. Conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible esixencia de responsabilidades legais.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, aínda que terá dereito a retirar tal consentimento en calquera intre, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitarlle á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgfY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	8/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgfY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente terá dereito a se opor ao citado tratamento, ou a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer a través do formulario sobre os dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu documento de identidade. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Coruña, na data da sinatura dixital

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	9/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO I DATOS E CURRÍCULO DO ALUMNADO

(Poderase empregar máis espazo, se for preciso, en calquera dos apartados deste impreso.)

1. BREVE CURRÍCULO DO ALUMNADO		
Datos persoais		
Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
Data de nacemento:	Nacionalidade:	DNI/NIE:
Domicilio: rúa, número e piso	Localidade e provincia:	Código postal:
Teléfono de contacto:	Enderezo de correo electrónico: @udc.gal	
Datos académicos		
Título académico:	Curso actual:	
Cursos de formación específica		
Denominación do curso:	Organismo, entidade ou centro:	N.º de horas:
Experiencia en voluntariado, campos de traballo, movementos sociais ou asociativos		
Idiomas		

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
NedPgF1lrIgFY5YWI8GvyA==	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	
Observacións	Páxina	10/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgF1lrIgFY5YWI8GvyA%3D%3D	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	



ANEXO II
FORMULARIO DO PROXECTO

(Poderase empregar máis espazo, se for preciso, en calquera dos apartados deste impreso.)

1. FICHA DESCRITIVA DO PCR			
TÍTULO DO PCR			
1.1. DATOS DA ONG/UNIVERSIDADE COLABORADORA			
Nome da ONG/universidade colaboradora			
Persoa de contacto (nome e apelidos)		Nº. do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación ou similar	
Páxina web		Tel.	
Correo electrónico		Fax	
Enderezo para os efectos de notificación			
1.2. DATOS DA CONTRAPARTE LOCAL			
Nome da ONG/universidade colaboradora			
Persoa de contacto (nome e apelidos)			
Páxina web			
Correo electrónico		Tel.	
1.3. BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO (4-5 LIÑAS)			
1.4. DATAS DE INICIO E FINALIZACIÓN DO PROXECTO			
Data de inicio			Data de finalización
IMPORTE TOTAL SOLICITADO Á OCV			
Concepto	Importe		
Billete de avión			
Seguro da viaxe			

Lugar, data e sinatura:

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	11/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





2. DATOS BÁSICOS DO PCR
Título do PCR:
Lugar(es) de execución do PCR:
Duración do PCR:
Ámbito de actuación do PCR (saúde, vivenda, educación, saneamento...):
Obxectivos xerais e específicos do PCR:

3. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DO PCR

4. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES (datas de realización, prazos, comezo e fin das actividades...)

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA==	Estado	Asinado	Data e hora	10/03/2025 09:58:05
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas				
Observacións		Páxina	12/14		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA%3D%3D				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				





5. CARTA DE MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

Empty box for the motivation letter.

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Código Seguro De Verificación	NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	13/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgFIlrIgFY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO III
CARTA DE PRESENTACIÓN DA ONGD/INSTITUCIÓN

(Poderase empregar máis espazo, se for preciso, en calquera dos apartados deste impreso.)

D./D.^a,
 co DNI/pasaporte, en calidade de
 da entidade
 co CIF e o seguinte domicilio social (rúa, código postal e cidade):

 teléfono:, correo-e:.....
 Nome do proxecto:

 País:

EXPÓN:

Que certifica a autenticidade de todos os datos que achegou e que asume a responsabilidade de lle proporcionar ao voluntario ou á voluntaria información sobre as normas de seguridade do país de destino (manual e outros documentos relevantes da ONGD); de se facer cargo do seu aloxamento (sexa nunha residencia ou un apartamento, cunha familia acolledora ou en calquera outro espazo que cumpra as condicións mínimas de seguridade); e dos seus desprazamentos internos no país de destino.

Alén diso, tamén se compromete a manifestar que o PCR goza do financiamento da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC, para o cal usará o logotipo da entidade, no caso de facer calquera tipo de difusión desta axuda aos PCR.

SOLICITA:

Que sexa admitida a candidatura de D./D.^a
 para participar no PCR en
 dentro do proxecto de cooperación denominado

 que desenvolve coa entidade socia local

....., de de 2025

(Sinatura da persoa responsable e con representación legal da entidade peticionaria)

OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Código Seguro De Verificación	NedPgF1lrIgFY5YWI8GvyA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - Ana Isabel Ares Pernas	Asinado	10/03/2025 09:58:05
Observacións		Páxina	14/14
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NedPgF1lrIgFY5YWI8GvyA%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

